

**Follas do Cineclub | 15/06/2016**

*As praias de Agnès*  
(Les plages d'Agnès, Agnès Varda,  
Francia, 2008, 110', VOSG)

03

**In McFadden, Cybelle H. (2014): *Gendered Frames, Embodied Cameras: Varda, Akerman, Cabrera, Calle, and Maiwenn*. Madison: Fairleigh Dickinson University Press, p. 66-69.**

Varda utiliza especificamente o poder subversivo do cinema a través da representación do envellecemento do corpo feminino no seu corpo-feito-imaxe<sup>1</sup>. *Os espigadores e a espigadora* é o primeiro filme no que Varda contempla explicitamente a un tempo o seu corpo envellecido e a súa morte eventual e o seu papel como artista contra o final da súa vida. Neste documental, o corpo de Varda vira no material do filme mentres explora os signos do seu envellecemento: as raíces brancas do cabelo ou as mans engurradas e con manchas, por exemplo. Un plano longo revela os trazos deliberados dela peiteando o seu cabelo con raíces. O reflexo no cristal do armario multiplica o reverso da súa imaxe. Ela confronta a súa propia imaxe envellecida:

Non, non é Ó rabia, nin Ó desesperación, non é Vellez, a miña inimiga, mesmo pode ser Vellez, a miña amiga. E con todo, o meu cabelo e as miñas mans seguen a dicirme que a fin está preto.

Ao citar *O Cid* de Corneille, Varda liga o seu corpo envellecido cun gran clásico da literatura francesa, inscribíndose así no amplo canon da arte occidental, como fixera con Rembrandt. En troques de facer unha cita directa, en realidade cámbiaa ao oposto, de xeito que referencia o canon francés ao tempo que altera o texto para o encaixar na súa visión sobre a vellez. Outro plano curto revela a súa man esquerda cunha alianza de ouro (unha marca ou resto da súa relación con Jacques Demy) no panel de control: un zoom expón as manchas da súa pel a pleno sol. Os signos externos do envellecemento

<sup>1</sup> A autora define este termo en páxinas anteriores: “«O concepto de corpo-feito-imaxe refírese ao proceso metodolóxico da cineasta usando o seu corpo como parte do material do filme, representando deste xeito o corpo visíbel” (p. 57) [N.d.T.]

atraen a súa atención visual como se evidencia polo plano subxectivo, e preocúpanlle mesmo cando ten en marcha este proxecto filmico.

En *As praias de Agnès*, Varda opón a invisibilidade das mulleres vellas (e o seu corolario, a hipervisibilidade das mulleres novas e artificialmente embelecidas) ao mostrar diferentes planos do corpo feminino envellecido. Inclúe un plano de *Os espigadores e a espigadora* para mostrar un plano detalle da súa cara sostendo un espello de man como *vanitas*. Xira o espello para revelar o debuxo do rostro dunha muller vella. Varda invoca un tropo tradicional artístico relacionado coa beleza feminina e o ensimesmamento. Porén, unha nova voz en off sobre a imaxe, “Imaxinarse a unha mesma anciá é divertido, como un chiste picante”, transforma calquera tendencia narcisista. Varda camiña contra o espectador e explica que “sempre [lle] gustou traer xente vella, verdadeiramente vella, da terceira ou a cuarta idade...”. Un plano curto do rostro dunha muller extremadamente vella, con todas as súas engurras e a boca desdentada, é substituído por un plano dela sentada núa nun tallo. A muller, que pousa modestamente cubrindo os peitos e os xenitais, fita directamente para a cámara. O seu corpo e os signos da idade, especialmente os peitos caídos polo tempo, vólvense visíbeis dunha maneira sorprendente, apenas polo simple feito da representación. Ao incluír esta breve serie de imaxes contra o comezo de *As praias de Agnès*, encadra o seu propio corpo que envellece sobre un fondo máis amplo de corpos femininos envellecidos.

O proceso de filmar o corpo que envellece altera a un tempo o proceso de observación e os corpos visíbeis que observa Varda. En *As praias de Agnès*, Varda inclúe tamén un zoom reverso desde un plano detalle a un plano curto da súa cara de *Os espigadores e a espigadora*. Esta imaxe, coidadosamente colocada entre unha creación fantástica de Varda como Xonás no ventre da balea e unha escena dun filme no que unha rapaza desafiante declara a súa independencia no medio dunha comida familiar, reclama un certo nivel de descodificación, posto que o rostro de Varda hipercontrastado está bañado cunha luz solar que baila. Os múltiples movementos presentes na toma (o zoom reverso da cámara, a luz no rostro de Varda e a súa cabeza que sube e baixa) desorientan ao público e requiren dun visionado coidadosamente atento. O foco no rostro de Varda e o xeito no que foi filmado poñen énfase na imaxe. No canto de presentar un plano estático e directo do seu rostro, Varda convida á contemplación sobre como se creou a imaxe. A proximidade é o movemento da cámara suxiren que é un plano cámara en man no que Varda grava o seu propio rostro engurrado.

A visibilidade do corpo feminino envellecido sobe tamén a aposta das representacións cambiantes da muller en *Jane B*.

# O CORPO-FEITO-IMAXE E O CORPO ENVELLECIDO DA MULLER

**CYBELLE H. MCFADDEN**

por Agnès V., posto que Jane fai corenta anos (unha barreira que marca o fin da mocidade de acordo con algúns estándares sociais) durante a gravación de *Jane B. por Agnès V.* A menos que quen o ve coñeza ben a carreira de Birkin, este feito non é sabido até a derradeira escena do filme. De feito, o filme comeza con Jane falando sobre cando fixo trinta: conta como acabou enferma por beber demasiado e vomitou no baño. Para Jane, facer corenta anos significa deixar atrás a mocidade e evoca moito medo e ansiedade. Varda, por outra banda, veo como un momento marabilloso na vida dunha:

Coido, pola contra, que os corenta son unha idade magnífica para as mulleres porque (xustamente polos seus medos) son vulnerábeis. Creo firmemente que o medo a algo fai a xente máis sensíbel.

Varda non quere facer expresamente un filme sobre Jane cumprindo corenta (se cadra é unha explicación de por que Varda non presenta ese dato até o final), senón sobre o paso do tempo e o cambio de estacións. O tema do paso do tempo é unha preocupación importante para Varda en *Os espigadores e a espigadora* e *As praias de Agnès* porque ela mesma confronta o envellecemento e a morte. A preocupación de Varda co paso do tempo contrasta cos artistas que polo xeral queren parar ou conxelar o tempo. O seu traballo pode ser lido como unha reflexión sobre o cinema como rexistro do paso do tempo e unha mostra do cinema que captura unicamente momentos que son alterados inmediatamente logo de rematar a toma.

A escolla de Varda de incluír o seu corpo envellecendo na pantalla é atrevida, dado que como “[Vivian] Sobchack argumenta con agudeza, a institución do cinema en si mesmo e a tecnoloxía do *morphing* e da limpeza dixital alteran o noso propio sentido de como os nosos corpos deberan deter o paso do tempo”. O paso do tempo interesa enormemente a Varda, especialmente as marcas do tempo no seu corpo. Ao expor o seu corpo envellecendo, cuestiona os tipos de imaxes de mulleres que vemos habitualmente na pantalla e como se trata o tema da idade. Na introdución a *Figuring Age: Women, Bodies, and Generations*, Kathleen Woodward explica que o termo “idade figurada” [*figuring age*] refírese a un tempo á cuantificación numérica da idade e á preocupación social por tentar figurarse a idade de alguén. Woodward aclara máis adiante que “idade figurada refírese tamén á representación e autorrepresentación das mulleres vellas así como á imaxe que mostran na escena social”. O capítulo “Visualizar a idade, representar a idade” trata a cuestión complexa da idade en

termos de cultura visual, especialmente sobre o corpo feminino envellecido e o cinema. Ao filmar o seu corpo envellecido, Varda non só se representa a si propia como un suxeito social vello, senón que tamén se nega a “limpar” ou enmascarar a súa idade a través da tecnoloxía dixital. De feito, é a cámara dixital a que lle permite gravar os signos do seu envellecemento nun escenario íntimo: o seu corpo-feito-imaxe feminino envellecendo *depende* da intervención dixital. Varda mostra con atrevemento as engurras que a meirande parte das mulleres esconden ou cobren con produtos que mercan para minimizar os signos do envellecemento. Ela non só os mostra con sinceridade, senón que as súas engurras e manchas son o verdadeiro *material* do filme.

A representación que Varda fai de si mesma como muller vella cambia radicalmente as nocións de representación das mulleres ao facer visíbel o que habitualmente non se ve no cinema convencional. De feito, chama a atención sobre a “capa da representación” ao filmarse a si propia e salientar o feito de que se está a filmar a si propia. Rosello afirma:

Varda cuestiona ao mesmo tempo a definición cultural da beleza feminina e o imperativo cultural que fai a beleza obrigatoria no noso universo representacional. Este código estético é especialmente rechamante cando Varda filma o seu propio corpo (o corpo dunha muller vella)... En *Os espigadores e a espigadora*, Varda escolle deliberadamente non equiparar velez e beleza. O desafío non é representar unha muller madura esteticamente agradábel... Está moito máis interesada na busca de novas gramáticas visuais e narrativas da velez.

Apuntaría, en calquera caso, que Varda non cuestiona directamente os estándares de beleza: ofrece en cambio un exemplo dunha muller no comezo dos seus setenta. Engádea á representación do espectro das mulleres na vida diaria, cuxo abano completo non esta habitualmente representado no cinema de Hollywood. No filme, Varda explora os signos do envellecemento no seu propio corpo para cuestionar o corpo envellecido e non a velez en xeral. Pode establecerse unha ligazón, con todo, entre o feito de que Varda filme o que algunhas persoas consideran como refugallo e o que outras ven como aproveitábel e como ela se ve a si propia como parte da categoría social á que a sociedade dá pouco valor estético. Aínda que os estándares de beleza estean relacionados coa representación das mulleres, Varda non cuestiona a beleza *per se*, senón máis ben o valor que se lle dá ao que existe nas marxes.

## CINECLUBE DE COMPOSTELA

### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
① cineclubedecompostela.blogaliza.org  
facebook.com/cineclubedecompostela  
@cineclubedecompostela@gmail.com

### PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na  
Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.  
Santiago de Compostela)  
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€



### 1 DE XUÑO

*O album de familia*  
(The Family Album, Alan Berliner,  
EUA, 1986, 60', VOSE)

### 8 DE XUÑO

*Abril*  
(Aprile, Nanni Moretti,  
Italia, 1998, 78', VOSG)

### 15 DE XUÑO

*As praias de Agnès*  
(Les plages d'Agnès, Agnès Varda,  
Francia, 2008, 110', VOSG)

### 22 DE XUÑO

*Branco chapeiro*  
(Hustler White, Bruce La Bruce,  
Rick Castro,  
EUA, 1996, 79', VOSG)